



CONCELLO DE MONTERREI

Rúa Fontán, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterreies

SEC 2009-9

FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL

MELLORA DA REDE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO
EN ALBARELLOS, VILAZA E MEDEIROS

Monterrei, 5 de Marzo de 2009

PERFIL DO CONTRATANTE

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da obra "Mellora da rede de abastecemento de auga potable a domicilio en Albarellos, Vilaza e Medeiros", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de marzo de 2009, co seguinte contido:

"Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Mellora da rede de abastecemento de auga potable a domicilio en Albarellos, Vilaza e Medeiros", financiada con cargo ó fondo estatal de investimento local, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de febreiro de 2009, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 27 de febreiro de 2009, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Construcciones Hnos. Carrajo, S.A., conforme á acta levantada para o efecto.

Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 27 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Adxudicar provisionalmente a execución destas obras á empresa Construcciones Hnos. Carrajo, S.A., por un importe de 180.565,88 euros (IVE e demais tributos incluídos).

Segundo.- Notificarlle este acordo ós licitadores e publicalo no perfil do contratante".

O alcalde,

José Luis Suárez Conde